

Tender Tigers



Armando Requeixo



Claudio Rodríguez Fer

A querenza da ensaísta e tradutora Kathleen March pola obra do poeta Claudio Rodríguez Fer vén de vello. Dende que no recuado 1984 —e van alá xa case trinta anos— redactara a voz sobre a biobibliografía do escritor para a *Gran Enciclopedia Gallega* ata hoxe moitas teñen sido as publicacións que a este dedicou. Entre elas hai que recordar a tradución do seu relato “A illa de asfalto” para a escolma *An Anthology of Galician Short Stories*. Así vai o conto (1991), do poema “Alén” para a revista do *Galician Institute* (1995) e de “Novela de naufragos” na *Asheville Poetry Review* (1997). Máis aínda, estreitando os lazos literarios entrambos, hai un tempo que se publicou *Entre dúas aguas* (2003), interesante *plaquette* onde a canda diversas composicións de Rodríguez Fer traducidas por March se inclúen tamén varios outros textos dela mesma.

Pois ben, proseguindo con esta liña acaba de saír do prelo *Tigres de ternura / Tender Tigers*, edición bilingüe anglogalega do poemario de Rodríguez Fer que vira luz por vez primeira en 1981 e fora entón distinguido co Premio da Crítica.

Esta nova edición traducida por March reproduce o breve prólogo da edición orixinal, ao que anteceden unhas palabras limiares da tradutora, e remata cunha sinopse curricular do poeta na que se dá conta dos títulos en volume escritos ata o de agora por Rodríguez Fer, que xa superan a vintena. A maiores, o libro enriquecese coa inserción de valiosos debuxos de Kimberleigh Martul-March, a meritoria artista plástica filla da tradutora, quen logra aquí condensar en imaxes tan intenso coma vital territorio poético.

Como era de agardar en quen dende hai décadas tan ben coñece a obra do lugués e quen é, a non dubidalo, unha das nosas mellores tradutoras á lingua de Whitman, as versións dos poemas ofrecidos por March son modélicas tanto polo extremo respecto ao espírito e, en grande medida, á letra dos textos de partida como, sobre todo, pola admirable pericia de salvar na translación escolios semánticos, fraseolóxicos e mesmo de horizonte cultural que non eran nada doados de traducir.

Ler os *Tender Tigers* versionados por March é asistir á ledicia de revivir todo o ludismo e erotismo, toda a vangarda e pulo libertario que caracteriza os versos galegos de Rodríguez Fer nun idioma outro, o que non é logro menor.

Non sei que lle deparará Fortuna a este *Tigres de ternura / Tender Tigers* entre o lectorado en lingua inglesa, pois descoñezo se [Toxosoutos](#) —a casa editora deste sobresaínte título— ten distribución efectiva nos países nos que tal fala é propia. Intúo que ese mercado chegará ao libro maioritariamente baixo pedimento *on line*. Mais, sexa como for, tan só polo feito de poder acceder doadamente a unha nova edición do poemario que levaba anos sen reeditarse entre nós de xeito exento, xa paga a pena esta publicación, pola que hai que parabenizar a Kathleen March, profesora estadounidense que tanto deixa feito polas letras de noso en lonxincuas terras.

Fonte: <http://praza.gal/cultura/2692/tender-tigers/>
[data de descarga: 21/01/2016]